



“[Despedida](#)” de [Sabela](#) (GZ) e “[Catavento da Sé](#)” de [António Zambujo](#) (PT), escollidas en votación polo público como mellores cancións de 2019 da Galiza e de Portugal

En outono celebrarase a Gala organizada pola Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2020.- Os perto de cinco mil votos do público emitidos no certame [aRi\[t\]mar galiza e portugal](#) promovido pola Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela determinaron que a e o gañador polo mellor tema musical publicado en Galiza e en Portugal en 2019 son, respectivamente, Sabela, con [Despedida](#) e António Zambujo, con [Catavento da Sé](#). Estes premios, xunto cos de poesía, e o do embaixada da amizade, entregáronse a artistas e poetas gañadores na Gala aRi[t]mar 2020.

Os seguintes temas máis votados, nos segundos postos, foron os de Guadi Galego (GZ) por [Balada de verán](#) e Miguel Araújo (PT) con [Talvez se Eu Dançasse](#); e os terceiros Baiuca (GZ) por [Fisterra](#), e Isaura (PT) con [Uma Frase Não Faz a Canção](#).

Segundo explicou o director da Escola Oficial de Idiomas, Gonzalo Constenla, o certame voltou xerar moi boas expectativas e contou cunha alta participación popular, ficando as votacións moi igualadas quer nas músicas gañadoras quer nas segundas e nas terceiras máis votadas.

Ademais das comunidades educativas e sociais da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, participaron tamén as da Facultade de Filoloxía da USC, Instituto de Línguas e Ciências Humanas da Universidade do Minho (Braga), Conservatorio Profesional de Música de Santiago, Escola Oficial de Idiomas de Lugo, Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, Centro Cultural Português de Vigo-Instituto Camões, os centros do Ensino Português pelo Camões na Galiza e os Centros de Estudos Galegos de máis de 35 universidades do exterior, ben como centros de ensino secundario de fóra de Galiza en que se imparte galego.

A seguinte fase do certame consiste na escolla de poesías gañadoras, que se poderán votar desde mediados de abril até mediados de maio.

Ademais, o día 24 de abril, véspera da celebración da Revolución dos Caraveis portuguesa, darase a coñecer o premio especial do xurado á Embaixada da

amizade galego-lusófona, creado para galardoar aquelas persoas, iniciativas ou institucións que se teñan destacado por tender pontes de amizade entre Galiza e a Lusofonía.

aRi[t]mar galiza e portugal é un proxecto didáctico-cultural, desenvolvido inicialmente pola Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, pertencente á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, que ten por obxectivo divulgarmos a música e a poesía galego-portuguesas actuais, e achegarmos a cultura e a lingua dos dous países, no marco do desenvolvemento da Lei Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento do ensino do portugués e vínculos coa Lusofonía.

Esta iniciativa fai parte da [Rede da GaliLusofonia](#), “com os objetivos de juntar esforços, coordinar-se e cooperar na difusión de iniciativas encaminhas a fomentar a nosa língua e cultura comuns no seu espaço natural, a Lusofonia, com grande potencial noutros campos como o económico e o institucional”.

aRi[t]mar galiza e portugal conta co patrocinio do Concello de Santiago de Compostela, a Deputación Provincial da Coruña e das secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística da Xunta de Galicia, así como do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e do Instituto Camões-Centro cultural Portugués de Vigo.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Sabela



Sabela Ramil Rivera, coñecida artisticamente como **Sabela**, nada en [Bravos, Ourense](#),^[1] o [1 de outubro](#) de [1993](#), é unha cantante e compositora galega que se fixo coñecida pola súa participación no concurso musical de televisión [Operación Triunfo \(España\)](#), no [ano 2018](#).

Traxectoria

A familia de Sabela naceu da parroquia de [Bravos \(Ourense\)](#), pero medrou nas Pontes.

Formouse na Universidade da Coruña en [terapia ocupacional](#), do que posúe o título de grao, e profesionalmente traballaba nunha [organización non gubernamental](#) de saúde mental e na inserción sociolaboral de persoas con discapacidades intelectuais^[2].

Musicalmente formouse en [clarinete](#), do que conseguiu o título de grao medio, e cursou un mestrado en [musicoterapia](#). Seguiu clases de canto impartidas por [Rosa Cedrón](#)^[3]. Forma parte do dúo [Bahut](#), a canda o guitarrista [Mateo Bruquetas](#).

En 2018 foi seleccionada para participar na [edición de 2018](#) do programa concurso [televisivo Operación Triunfo](#), onde chegou á final resultando cuarta clasificada.

Discografía

Álbums

| Ano | Título | Produtora |
|------|---|---------------------------------|
| 2019 | <i>Sabela Ramil: Sus canciones</i> Data publicación: 25/1/2019 | Universal Music |
| 2019 | <i>Despedida</i> Data publicación: 29/11/2019 | |

Fonte: Galipedia, a Wikipedia en galego.

António Zambujo



António José Rodeia Zambujo ([Beja](#), [19 de setembro](#) de [1975](#)) é um músico português. Desde menino está familiarizado com a música alentejana. Começou de muito novinho a estudar instrumentos musicais (clarinete, guitarra). Atualmente, é um cantor muito conhecido no [Brasil](#). Fez sucessos com versões de muitas músicas desse país e teve apresentações com cantores brasileiros como Roberta Sá, Chico Buarque de Holanda, Ney Matogrosso, Ivan Lins, Zé Renato. Depois de ouvir o João Gilberto, aos 16 anos de idade, passou a querer cantar como ele. Também na [Galiza](#) é um cantor que com frequência sobe aos cenários com alguns dos mais reconhecidos artistas da comunidade autónoma espanhola, como [Uxía](#) ou [Xosé Manuel Budiño](#), mas também artistas doutros países a residirem nesse lugar, como os brasileiros Paulo Silva ou [Sérgio Tannus](#), ou ainda a angolana [Aline Frazão](#).

A [9 de Junho](#) de [2015](#), [Aníbal Cavaco Silva](#) agraciou-o como Comendador da [Ordem do Infante D. Henrique](#).^[1] Seu álbum *Até Pensei Que Fosse Minha* foi indicado ao [Grammy Latino de 2017](#) de [Melhor Álbum de MPB](#).^[2]

Em 2019 torna-se mentor no programa da [RTP1](#), [The Voice Portugal](#)

Discografia

Álbuns

- *O mesmo Fado* (2002)
- *Por meu Cante* (2004) CD
- *Outro Sentido* (2007) CD
- *Guia* (2010) CD
- *Quinto* (2012) CD
- *Lisboa 22:38 - Ao Vivo no Coliseu* (2013) CD
- *Rua Da Emenda* (2014) CD^[3]
- *Até Pensei que Fosse Minha* (2016) (CD), onde interpreta canções de [Chico Buarque](#)^[4]
- *Do Avesso* (2018) CD

Origem: Wikipédia